

3º CIENCIAS DA NATUREZA

Desta vez imos ler 4 follas do libro, que nos din que tipo de animal somos o nós.

LER PÁXINAS: 44-45-46-47 (Ler e razoar os debuxos, tamén).

Lemos como a semana pasada, ou en voz baixa, ou en voz alta para alguén que nos escoite.

Exercicios:

- Páxina 45: 1-2-3
- Páxina 47: 2-4

Que tipo de seres vivos somos

Para saber que tipo de seres vivos somos, debemos fixarnos nas nosas características e comparalas coas doutros seres. Así observamos diferenzas e semellanzas.

● Somos animais

As persoas alimentámonos doutros seres vivos; tanto de plantas, coma de animais, fungos, algas... Ademais, temos órganos dos sentidos e podemos desprazarnos.

Polo tanto, temos as características que son comúns a todos os animais.



TRABALLO COA IMAXE 1



Observa a imaxe e fai unha táboa con semellanzas e diferenzas entre os seres humanos e os animais, e entre o ser humano e as plantas.

● Que tipo de animais somos?

- Tomamos o osíxeno do aire e vivimos fóra da auga, logo somos animais **terrestres**.
- Se atendemos á nosa alimentación, as persoas podemos alimentarnos tanto de animais coma de plantas. Polo tanto, somos animais **omnívoros**.
- O noso corpo ten cabeza, tronco e catro extremidades, así como un esqueleto interno de ósos, cunha columna vertebral. Estas características sitúannos no grupo dos animais **vertebrados**.
- Se nos fixamos na nosa reprodución, as crías humanas desenvólvense no interior das nais. Isto significa que somos animais **vivíparos**.
- Ademais, as crías humanas acabadas de nacer aliméntanse mamando o leite que producen as mamas da súa nai tras o parto. Por esa característica, somos **mamíferos**. De feito, parecémonos moito a certos mamíferos, os grandes simios, como son os gorilas, os chimpancés...

Os seres humanos somos animais terrestres, omnívoros, vertebrados e vivíparos, que estamos incluídos no grupo dos mamíferos.

TRABALLO COA IMAXE 2



Compara. Observa os dous debuxos e di en que cres que se parecen e en que se diferencian o chimpancé e o ser humano.

COMPRENDE, PIENSA...

- 1 Que é a columna vertebral?
- 2 Nomea os grupos de vertebrados aos que non pertence o ser humano.
- 3 Xustifica. Es realmente un animal omnívoro? Escribe tres plantas e tres animais dos que te alimentes.
- 4 Cando cres que producen leite as mamas das nais?



Somos distintos doutros animais

Aínda que os seres humanos temos moito en común cos outros mamíferos, diferenciamonos deles porque temos características exclusivas na nosa pel, na nosa postura, nas nosas extremidades e na nosa cabeza.

● A nosa pel

A pel recobre o noso corpo. A súa cor varía dunhas persoas a outras entre o marrón escuro e o crema. Comparada coa doutros mamíferos, ten pouco pelo: cabelo na cabeza e peluxe no resto do corpo.

Na pel reside o sentido do tacto. Nalgunhas zonas, como, por exemplo, as xemas dos dedos, é moi sensible.

● A nosa postura erguida

O noso tronco está en posición vertical, é dicir, erguido. Grazas a isto, a nosa cabeza pode ser maior e estar máis alta ca a doutros animais co tronco horizontal.

Ademais, ao non nos apoiar nos brazos para camiñar, as nosas mans quedan libres.

● As nosas extremidades

As nosas extremidades superiores, os brazos, rematan en dúas mans únicas entre os animais. Teñen un polgar oponible, é dicir, que pode colocarse enfrontado aos outros catro dedos, o que nos permite agarrar obxectos con gran precisión.

As nosas extremidades inferiores, as pernas, rematan en dous pés sobre cuxas plantas nos apoiarnos ao camiñar. Somos os únicos mamíferos bípedes.



TRABALLO COA IMAXE 1

Calca a silueta da figura desta páxina e sinala nela as seguintes partes do corpo: cranio, barbeta, tempa, fronte, meixela, tórax, abdome, ombro, antebrazo, codo, pulso, cadeira, coxa, papo da perna, palma, xeonllo e nocello.

● A nosa cabeza e o noso fantástico cerebro

A nosa cabeza é grande e ten unha cara frontal cos ollos dirixidos cara a diante, o que nos dá unha visión moi precisa. Na cabeza tamén están os demais sentidos.

O noso cerebro

No interior da nosa cabeza, protexido polos ósos do cráneo, está o cerebro máis desenvolvido de todos os animais.

Grazas a el temos unha grande intelixencia que nos permite falar, imaxinar, inventar, recordar, apreciar a ciencia e a arte, coñecer outros idiomas e ter emocións como felicidade, tristura, amor...

O noso cerebro permítenos vivir en sociedade, é dicir, con outras persoas. Debido a isto, podemos formar familias, axudarnos, compartir os coñecementos entre nós, xogar e convivir con outras persoas en cidades, vilas e aldeas...



TRABALLO COA IMAXE 2


Aplica. Que características do ser humano lle permiten a este neno tocar unha melodía cunha frauta?

Somos iguais!



Todas as persoas, xa sexamos nenas, nenos, homes ou mulleres, debemos respectarnos como iguais e temos dereito a ser respectados como iguais polos demais.

COMPRENDE, PIENSA...

- 1 Analiza.** Que vantaxes ten para o ser humano a súa postura erguida?
- 2** Somos bípedes porque camiñamos sobre dúas pernas.
 - a) Nomea outros animais bípedes.
 - b) Infórmate e di como se chaman os animais que andan a catro patas.
- 3** Localiza os teus órganos dos sentidos.
- 4 Identifica.** Nomea tres actividades que podemos facer as persoas grazas ao noso cerebro. Pode facelas un animal?